




PRÓRROGA DO PLAN ESTRATÉXICO DA FACULTADE DE BIOLOXÍA 2021-2022



 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULDADE DE BIOLOXÍA	PRÓRROGA DO PLAN ESTRATÉXICO DA FACULDADE DE BIOLOXÍA	
	2021 - 2022	Páxina 2 de 21

Este documento constitúe a Prórroga do Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o período 2021-2022.

De acordo coa resolución reitoral do 7 de outubro de 2020, a Comisión de Calidade do Centro (CCC) celebrada o 15 de decembro de 2020, acordou prorrogar a vixencia do Plan Estratéxico (PE) actual ata 2022, seguindo o procedemento simplificado recomendado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC.

Os axustes realizados consistiron en:

- Suprimir as liñas ou obxectivos que, por cumprimento total no período de vixencia ou por inadecuación a realidade do Centro e/ou as novas realidades sobrevidas, non procede manter.

- Manter as liñas estratéxicas e incluír nas mesmas accións estratéxicas que, non estando presentes no plan estratéxico actual, considérase recomendable incorporar en base á evolución das circunstancias de contexto ou a novas necesidades detectadas, e procurando que estean aliñadas cos obxectivos da Planificación Plurianual da USC 2019-202.

Para a súa elaboración, a CCC fixo unha revisión en profundidade do PE actual trala que acordou:

- Manter os apartados de “A Facultade, Misión, Visión e Os Nossos Valores” por considerar que seguen a ser estratéxicos para o Centro.


- Actualizar os apartados “Forzas, debilidades, oportunidades e ameazas” e “Mantemento de forzas, afrontamento das debilidades, explotación das oportunidades e corrección das debilidades”, axustándoos a nova realidade.

- Manter a estrutura xeral e polo tanto as catro liñas estratéxicas que presenta.

- Suprimir as accións estratéxicas que foron completadas, entre as que destacan:

- A verificación e implantación de dous novos títulos de Graduado/a en Biotecnoloxía e de Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: caracterización, conservación e xestión.

ELABORADO POR:	REVISADO POR	APROBADO POR:	APROBADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	Xunta de Facultade	Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno
Data: 15/12/2020	Data: 16/12/2020	Data: 22/01/2021	Data: 03/03/2021

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULDADE DE BIOLOXÍA	PRÓRROGA DO PLAN ESTRATÉXICO DA FACULDADE DE BIOLOXÍA	
	2021 - 2022	Páxina 3 de 21


- A reverificación da memoria do título de Graduado/a en Bioloxía e a implantación da 2ª edición do título, que inclúe as mencións en Bioloxía Biosanitaria e Bioloxía Ambiental.
- A certificación do Sistema de Garantía Calidade (SGC) do Centro pola Axencia de Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG) en xuño de 2018.
- A acreditación institucional do Centro, pola Secretaría General de Universidades do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades, en xaneiro de 2019.

- Suprimir as accións estratéxicas que non parece posible levar adiante, e/ou aquelas que, trala análise dos resultados, mostraron a ineficacia da acción, como fomentar a docencia en inglés.

- Incorporar novas accións que estean aliñadas cos obxectivos da Planificación Plurianual da USC 2019-2022 e que se inclúan dentro das priorizadas na mesma, como:

- Mellorar a información relativas a xestión das prácticas externas e facilitar a elaboración dun módulo informático específico para a súa xestión.
- Buscar iniciativas para recoñecer ás entidades, empresas, persoas e institucións que colaboran no desenvolvemento das prácticas externas.
- Impulsar o papel da Comisión de Normalización Lingüística.
- Impulsar unha política de plásticos 0.

ELABORADO POR:	REVISADO POR	APROBADO POR:	APROBADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	Xunta de Facultade	Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno
Data: 15/12/2020	Data: 16/12/2020	Data: 22/01/2021	Data: 03/03/2021

	PRÓRROGA DO PLAN ESTRATÉXICO DA FACULTADE DE BIOLOXÍA	
	2021 - 2022	Páxina 4 de 21

A Facultade de Biología

A Facultade de Biología organízase ao redor de 11 áreas de coñecemento pertencentes a 7 departamentos situados en dous edificios dentro do Campus Vida: a Facultade de Biología e o Edificio CIBUS. Nestes edificios, ademais das aulas, laboratorios e biblioteca, ofrécense espazos de encontro como os locais das Asociacións de Estudantes, salas polivalentes, salón de grao, salas de conferencias, salón de actos e cafetería. Unha contorna na que se promove a formación universitaria integral. Dispón dunha oferta formativa de grao e posgrao enmarcada nas directrices do Espazo Europeo de Educación Superior e orientada a satisfacer as necesidades da demanda social.

Persegue a formación integral dos seus estudantes, dende o respecto aos principios éticos, para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos, así como a actividade creadora en todos os seus campos e busca a actualización continuada dos coñecementos.

MISIÓN Cal é nosa razón de ser?

“A Facultade de Biología é una institución pública que atopa a súa razón de ser na procura da excelencia na preservación, xeración, transmisión e difusión do coñecemento de xeito socialmente responsable”. Isto faise mediante a formación de científicos de calidade e profesionais altamente cualificados no ámbito da biología capaces de afrontar os retos dunha sociedade en continuo cambio. O compromiso coa sociedade materialízase na formación destes profesionais que devolverán, mediante os seus servizos, o que esta investiu na súa formación a través do financiamento público da universidade.

ELABORADO POR:	REVISADO POR	APROBADO POR:	APROBADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Biología	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	Xunta de Facultade	Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno
Data: 15/12/2020	Data: 16/12/2020	Data: 22/01/2021	Data: 03/03/2021

VISIÓN E PROPÓSITO EXTRATÉXICO: Como seremos, como deberíamos ser, como queremos ser no futuro?

Unha Facultade de Bioloxía cunha oferta de títulos atractiva, actualizada, diversa, en consonancia co desenvolvemento socioeconómico da contorna e as demandas da sociedade que a finanza. Esta oferta será quen de captar a estudantes cun elevado rendemento académico e que teñan unha gran motivación.

Unha Facultade de Bioloxía de recoñecido prestixio nacional, que chegue a ser un referente e que destaque pola súa solvencia académica con estudantes que amosen elevadas taxas de éxito nos seus estudos e egresados cunha alta taxa de inserción laboral.

Unha Facultade cunha actividade investigadora recoñecida que responda ás demandas da contorna e a criterios de excelencia científica que a proxecten internacionalmente.

Unha Facultade de Bioloxía participativa na que todas as estratexias estean centradas nas persoas, nas súas competencias e condicións de traballo, para conseguir que todo o seu persoal estea altamente cualificado e motivado.

OS NÓSOS VALORES:

Cumpre as súas funcións tendo en conta valores éticos como: o compromiso e responsabilidade social, a conciencia ambiental, o pensamento crítico, a integridade, a transparencia na información e nos procesos, a atención ás persoas con discapacidade e á igualdade de xénero. Entre os seus valores profesionais destaca a cultura da calidade e a mellora continua.

Seguindo a planificación estratéxica da USC, considéranse os valores máis destacables do Centro:

- Preservación e potenciación dos nosos propios sinais de identidade.
- A procura permanente da mellora en todas as actividades universitarias.

ELABORADO POR:	REVISADO POR	APROBADO POR:	APROBADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	Xunta de Facultade	Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno
Data: 15/12/2020	Data: 16/12/2020	Data: 22/01/2021	Data: 03/03/2021

- Compromiso cunha xestión baseada no diálogo, a participación, a confianza e a responsabilidade compartida.
- Compromiso cun desenvolvemento sostible, coa equidade e coa eliminación de todo tipo de discriminacións.
- Compromiso coa transferencia de coñecemento á sociedade como contribución ao desenvolvemento social e económico de Galicia.


FORZAS, DEBILIDADES, OPORTUNIDADES E AMEAZAS

A continuación amósanse as debilidades, ameazas, forzas e oportunidades. Estas están clasificadas en función da súa prioridade, ben sexa por causas estratéxicas, de oportunidade, do horizonte temporal deste plan ou por exceder as competencias da Facultade. Deste xeito a frecha cara arriba na viñeta representa unha alta prioridade, namentres que a frecha en horizontal representa unha menor prioridade.

Forzas:

- ➔ Centro moderno con moi boas instalacións, ben equipado (medios audiovisuais nas aulas, aulas de videoconferencia, laboratorios de prácticas ben equipados e en bo estado, ausencia de barreiras arquitectónicas, biblioteca de alta calidade, boa dotación de recursos informáticos, boas instalacións para actividades científicas e congresos) e situado na contorna do CAMPUS VIDA (presenza do IDIS, CIMUS, CIQUS, Centro de transfusións de Galicia, etc.).
- ➔ Elevada porcentaxe de profesorado ben cualificado (estable, doutor e con dedicación a tempo completo) para tarefas docentes e investigadoras e con capacidade para adaptarse a novas contornas tecnolóxicas e docentes.
- ↑ Existencia de grupos de investigación altamente competitivos en diferentes áreas (e.g. acuicultura, biotecnoloxía, ambiental, etc.).
- ↑ Bo posicionamento nacional no Ránking de Granada mantido no tempo.
- ↑ Ampla oferta de titulacións de grao e máster, atractivas para o alumnado.
- ↑ Prestixio dos títulos impartidos no Centro.
- ➔ PAS con dedicación a tempo completo, elevada experiencia e nivel de implicación e, maioritariamente, estable.
- ➔ Difusión ao alumnado de toda a información relativa á súa formación (web, redes sociais, etc.).
- ➔ Presenza de asociacións estudiantís activas.

ELABORADO POR:	REVISADO POR	APROBADO POR:	APROBADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	Xunta de Facultade	Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno
Data: 15/12/2020	Data: 16/12/2020	Data: 22/01/2021	Data: 03/03/2021

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULDADE DE BIOLOXÍA	PRÓRROGA DO PLAN ESTRATÉXICO DA FACULDADE DE BIOLOXÍA	
	2021 - 2022	Páxina 7 de 21

- ↑ Satisfacción global dos estudantes egresados e boa valoración xeral dos profesores, por encima da rama de coñecemento de Ciencias e da USC, mantida no tempo.
- ↑ Deseño e oferta das Prácticas Externas e materias optativas do grao
- ↑ Mellora continuada na captación de alumnado de novo ingreso con elevado rendemento académico na ABAU, e que elixen os títulos de grao impartidos no Centro como primeira opción.
- ➔ Boa estrutura e funcionamento das comisións do Centro.

Debilidades:

- ↑ Envellecemento do PDI (xubilacións masivas nestes e nos vindeiros anos).
- ➔ Desánimo do PDI debido á falta de incentivos reais á calidade e excelencia docente e investigadora.
- ↑ Carencia formativa do profesorado para seguir un sistema de docencia baseada na adquisición de competencias.
- ↑ Carencias formativas dos estudantes egresados en relación ás destrezas e competencias transversais (lingüísticas, creatividade, procura de información, capacidade de resolución de problemas, autoaprendizaxe, etc.).
- ↑ Falta de incentivos para o alumnado do grao con elevado rendemento académico.
- ↑ Baixa relación entre o perfil do egresado do grao (competencias, destrezas e habilidades) e as necesidades do mercado laboral.
- ➔ Elevada carga do alumnado do grao (presencialidade).
- ➔ Insuficiente oferta de formación complementaria cun deseño específico para os alumnos do grao.
- ➔ PDI sobrecargado con actividades docentes, investigadoras e de xestión.
- ↑ Escasa proxección das actividades do Centro á sociedade da súa contorna.
- ➔ Constricións ocasionadas polo calendario académico.
- ↑ Escasa dotación económica destinada a:
 - ↑ Recursos materiais: falta de dotación para 3 laboratorios que carecen de calquera tipo de instalación.
 - ➔ Recursos humanos: falta de financiamento para a incorporación de profesionais externos en actividades de formación.
 - ➔ Actividades docentes: tamaño excesivo dos grupos de docencia expositiva e das actividades prácticas.
- ↑ Falta dun marco normativo que permita a incorporación do alumnado nos laboratorios de investigación, con excepción das Bolsas de Colaboración.
- ➔ Escasa participación do alumnado en programas de mobilidade nacional e internacional.
- ➔ Escaso coñecemento do Sistema Garantía Interno da Calidade do Centro.

ELABORADO POR:	REVISADO POR	APROBADO POR:	APROBADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Biología	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	Xunta de Facultade	Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno
Data: 15/12/2020	Data: 16/12/2020	Data: 22/01/2021	Data: 03/03/2021

Oportunidades:

- ↑ Prestixio da Universidade Santiago de Compostela (universidade histórica, etc.).
- Novas tecnoloxías aplicadas á investigación, xestión administrativa e á docencia.
- ↑ Prestixio dos títulos de grao impartidos no Centro respecto doutras universidades da nosa contorna (capacidade de captación de alumnos).
- ↑ Mellor inserción laboral que as universidades da contorna (e.g. Vigo e A Coruña).
- Inclusión nun Campus de Excelencia Internacional (CAMPUS VIDA).
- Desenvolvemento de sinerxías con institutos de investigación.
- ↑ Participación no Programa A Ponte do Ensino Medio para a captación de alumnado.
- Identificar e propoñer ao Centro de Estudio Propios e ao IV Ciclo cursos breves de actualización de coñecementos e formación permanente relacionados coas titulacións do centro
- Existencia de convocatorias para a creación de agrupacións estratéxicas de investigación.
- ↑ Analizar a implantación e seguimento dos estudos ofertados polo centro, a través do SGC do Centro e dos protocolos propios, para permitir unha mellora continua dos resultados.
- ↑ Mellorar a información relativa á xestión de prácticas en empresas e a identificación dos datos necesarios de cara a facilitar a elaboración dun módulo informático específico para toda a USC.
- ↑ Levar adiante, en coordinación co acción global da USC, iniciativas para recoñecer ás entidades, empresas, persoas e institucións a súa colaboración co centro no desenvolvemento das prácticas do estudantado.

Ameazas:

- ↑ Escaso financiamento da universidade por parte das institucións públicas que afecta á:
 - Estabilización do profesorado contratado ao abeiro dos convenios Ramón y Cajal, Parga Pondal e similares.
 - ↑ Baixa taxa de reposición e de promoción do profesorado.
 - Recursos de investigación.
- Burocratización excesiva de todos os procesos que afectan á vida académica.
- Perda de diversidade de grupos de investigación pola política científica actual.
- Incerteza en relación coa normativa (3+2 vs. 4+1).
- ↑ Mapa de titulacións de Bioloxía en Galicia con 3 centros.
- ↑ Sobreoferta de prazas de Graduado/a en Bioloxía en relación á inserción laboral.
- ↑ Baixa taxa de inserción laboral.
- Ausencia dunha profesión regulada.
- Falta de recoñecemento social da profesión de Biólogo.
- Debilidade do Colexio de Biólogos.
- ↑ Falta de dinamismo na contorna socioeconómica e escasa cultura de coordinación empresa-universidade.

ELABORADO POR:	REVISADO POR	APROBADO POR:	APROBADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	Xunta de Facultade	Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno
Data: 15/12/2020	Data: 16/12/2020	Data: 22/01/2021	Data: 03/03/2021

MANTEMENTO DE FORZAS, AFRONTAMENTO DAS DEBILIDADES, EXPLOTACIÓN DAS OPORTUNIDADES E CORRECCIÓN DAS DEBILIDADES.

A continuación amósase o xeito de manter as forzas, corrixir as debilidades, explotar as oportunidades e afrontar as ameazas. Estas están clasificadas en función da súa prioridade, ben sexa por causas estratéxicas, de oportunidade, do horizonte temporal deste plan ou por exceder as competencias da Facultade. Deste xeito a frecha cara arriba na viñeta representa una alta prioridade, namentres que a frecha en horizontal representa unha menor prioridade.


Mantementos das forzas:

- ↑ Mantemento e mellora das instalacións do Centro.
- Aumentar as sinerxías e colaboracións cos centros da contorna no CAMPUS VIDA.
- Apoiar a incorporación e estabilización de persoal doutor e con dedicación a tempo completo.
- ↑ Propiciar o uso de novas contornas tecnolóxicas.
- ↑ Apoiar aos grupos de investigación altamente competitivos de diferentes áreas. Ofertar espazos, segundo dispoñibilidade, a GI competitivos doutros centros.
- ↑ Potenciar, na medida do posible, a mellora dos indicadores e das posicións nos rankings.
- Apoiar a incorporación e estabilización de PAS. Apoiar a formación continuada do PAS.
- Potenciar a difusión ao alumnado de toda a información relativa á súa formación (web, redes sociais, etc.).
- Apoiar as actividades organizadas polas asociacións estudiantís con presenza na Facultade. Canalizar a información de interese para os estudantes a través destas asociacións.
- ↑ Comunicar os resultados positivos das avaliacións dos egresados e da calidade docente para reforzar a motivación do profesorado e do alumnado.
- Mellorar a oferta das Prácticas Externas.
- Mellorar a información e á xestión das prácticas externas.
- Buscar iniciativas para recoñecer ás entidades, empresas, persoas e institucións que colaboran no desenvolvemento das prácticas do estudiantado.
- Manter a estrutura e o bo funcionamento das comisións do Centro. Seguir incentivando a participación dos estudantes nas mesmas.

Corrección das debilidades:

- ↑ Reiterar a petición de financiamento ao goberno da USC para a:
 - ↑ Dotación de 3 laboratorios de docencia práctica (instalacións eléctricas, de fontanería, gases e mobiliario).

ELABORADO POR:	REVISADO POR	APROBADO POR:	APROBADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Biología	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	Xunta de Facultade	Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno
Data: 15/12/2020	Data: 16/12/2020	Data: 22/01/2021	Data: 03/03/2021


 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULDADE DE BIOLOXÍA	PRÓRROGA DO PLAN ESTRATÉXICO DA FACULDADE DE BIOLOXÍA	
	2021 - 2022	Páxina 10 de 21

- Incorporación de profesionais externos en actividades de formación (financiamento ou flexibilización da normativa).
- ↑ Realización de actividades prácticas.
- ↑ Redución do tamaño dos grupos de docencia. Auspiciar a creación de grupos de centro mentres o permita a capacidade docente das áreas.
- ↑ Contabilización do 100% dos alumnos repetidores á hora da creación dos grupos, nas actividades que deban ser repetidas.
- Apoiar as solicitudes dunha maior taxa de reposición do profesorado que facilite un rexuvenecemento do PDI. Solicitar facer efectivo de forma obrigatoria o cómputo das horas docentes equivalentes así como recoñecer todo tipo de actividades: docentes, investigadoras, divulgativas e de xestión (promoción, complementos de investigación e docencia baseados en criterios reais de excelencia).
- ↑ Solicitar o cambio do marco normativo que permita a incorporación do alumnado nos laboratorios de investigación.
- Visibilizar a importancia do labor docente e investigador.
- ↑ Potenciar a participación do PDI en cursos para a mellora da calidade da docencia.
- ↑ Desenvolver un programa de acción tutorial para alumno/as con elevado rendemento académico e/ou extraordinaria motivación.
- ↑ Potenciar a mellora na formación do profesorado en actividades relacionadas co desenvolvemento de competencias.
- Realizar campañas informativas sobre os órganos de goberno e a necesidade de participación dos alumnos.
- Potenciar a realización de convenios con universidades que impartan docencia en inglés Solicitar apoio administrativo na xestión dos convenios. Solicitar a revisión da normativa de convalidacións da USC.
- ↑ Divulgar o Sistema Garantía Interno da Calidade do Centro. Tomar iniciativas para o aumento da participación nas enquisas.

Explotación das oportunidades:

- ↑ Explotar o prestixio da Universidade de Santiago de Compostela (universidade histórica) e resaltar a calidade dos servizos (residencias, bibliotecas, gardería, museo, estacións biolóxicas, etc.).
- Maximizar o aproveitamento das novas tecnoloxías aplicadas á investigación, xestión administrativa e á docencia.
- ↑ Mellorar a difusión das titulacións tanto na nosa comunidade como fóra dela, resaltando as súas forzas por exemplo a mellor inserción laboral dos egresados a nivel autonómico.
- ↑ Fomentar a participación do profesorado no Programa A Ponte do Ensino Medio e outras actividades de divulgación para a captación de alumnado con alto nivel de motivación.
- Ofertar cursos de actualización de coñecementos e formación permanente relacionados coas titulacións do centro.

ELABORADO POR:	REVISADO POR	APROBADO POR:	APROBADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Biología	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	Xunta de Facultade	Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno
Data: 15/12/2020	Data: 16/12/2020	Data: 22/01/2021	Data: 03/03/2021

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULDADE DE BIOLOXÍA	PRÓRROGA DO PLAN ESTRATÉXICO DA FACULDADE DE BIOLOXÍA	
	2021 - 2022	Páxina 11 de 21

- ➔ Solicitar a oferta de cursos de verán e de formación continuada.
- ➔ Explorar a posibilidade de constituír agrupacións estratéxicas nucleadas por grupos de investigación do Centro.

Afrontamento das ameazas:

- ➔ Apoiar as solicitudes de estabilización do profesorado contratado ao abeiro dos convenios Ramón y Cajal, Parga Pondal e similares.
- ➔ Solicitar a reposición e promoción do profesorado.
- ➔ Solicitar a diminución da burocratización excesiva de todos os procesos que afectan á vida académica. Simplificar os procesos e as aplicacións informáticas.
- ⬆ Promover a ocupación dos espazos baleiros do centro por profesores de outros centros pertencentes a áreas interfacultativas e informar a Xerencia para a súa avaliación e consideración no Plan de Ordenación e Xestión das Infraestruturas.
- ⬆ Levar adiante actividades de orientación laboral para o alumnado mediante recursos propios ou os facilitados pola Vicerreitoría responsable da acción na USC.
- ⬆ Fomentar a realización de continuación de estudos (Máster e Doutoramento), ao estar claramente relacionado o aumento da formación co aumento da taxa de inserción laboral.
- ➔ Promover e participar xunto co Colexio de Biólogos ou outras institucións en actividades para mellorar a percepción que a sociedade ten sobre a profesión de Biólogo.
- ⬆ Fomentar a cultura de coordinación empresa-universidade mediante a realización de xornadas divulgativas respecto diso.

IDENTIFICACIÓN DAS LÍÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

En base ao mantemento das forzas, a corrección das debilidades, a explotación das oportunidades e o afrontamento das ameazas analizadas nos diferentes apartados anteriores, a Prorroga do Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía 2020-2022 estruturarase nas 4 liñas estratéxicas nas que foi elaborado o Plan Estratéxico 2017-2020 (dentro das que se establecerán os correspondentes obxectivos estratéxicos para desenvolverlas), aínda que inclúe accións estratéxicas das priorizadas na Planificación Plurianual 2019-2022 da USC.

ELABORADO POR:	REVISADO POR	APROBADO POR:	APROBADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	Xunta de Facultade	Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno
Data: 15/12/2020	Data: 16/12/2020	Data: 22/01/2021	Data: 03/03/2021

LIÑAS ESTRATÉXICAS

- 1.- Calidade da docencia
- 2.- Calidade da investigación
- 3.- Sistema de Garantía Interna de Calidade do Centro
- 4.- Relacións coa sociedade

Os obxectivos estratéxicos baséanse unicamente en Debilidades, Forzas, Ameazas e Oportunidades que estean clasificadas como dunha alta prioridade.

LIÑA EXTRATÉXICA 1.- Calidade da docencia

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 1.1.- Mellorar as infraestruturas docentes do Centro
- 1.2.- Oferta docente de Grao e Posgrao atractiva para o estudiantado
- 1.3.- Mellorar a atracción do talento (estudantes de novo ingreso)
- 1.4.- Mellorar información e xestión das prácticas externas
- 1.5.- Mellorar o rendemento dos estudantes
- 1.6.- Mellorar a formación docente dos profesores
- 1.7.- Mellorar a información sobre a inserción laboral dos egresados


1.1.- Mellorar as infraestruturas docentes do Centro

Causa específica: “Escasa dotación económica destinada a recursos materiais: falta de dotación para 3 laboratorios que carecen de calquera tipo de instalación.” (Debilidades). “Reiterar a petición de financiamento ao goberno da USC para a dotación de 3 laboratorios de docencia práctica (instalacións eléctricas, de fontanería, gases e mobiliario).” (Corrección de debilidades).

Acción estratéxica: dotación de 3 laboratorios de docencia práctica (instalacións eléctricas, de fontanería, gases e mobiliario).

Indicadores: número de laboratorios dotados.

ELABORADO POR:	REVISADO POR	APROBADO POR:	APROBADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Biología	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	Xunta de Facultade	Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno
Data: 15/12/2020	Data: 16/12/2020	Data: 22/01/2021	Data: 03/03/2021

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULDADE DE BIOLOXÍA	PRÓRROGA DO PLAN ESTRATÉXICO DA FACULDADE DE BIOLOXÍA	
	2021 - 2022	Páxina 13 de 21

1.2.- Oferta docente de Grao e Posgrao atractiva para os estudantes

Causa específica: “Ampla oferta de titulacións de grao e máster, atractivas para o alumnado.”; “Prestixio dos títulos impartidos no Centro.” (Forzas). “Elevada carga do alumnado do grao (presencialidade).”; “Tamaño excesivo dos grupos de docencia expositiva e das actividades prácticas.” (Amezas). “Prestixio dos títulos impartidos no Centro respecto doutras universidades da nosa contorna.” (Oportunidades).

Acción estratéxica: facer o seguimento da implantación das novas titulacións (Grao en Biotecnoloxía, Máster de Biodiversidade Terrestre e Grao en Bioloxía 2ª ed.) e a avaliación dos resultados dos distintos títulos impartidos no Centro.

Indicadores: resultados das taxas e informes dos protocolos propios do SGC do Centro.

Causa específica: “Potencial para crecer (adaptación e diversificación do mapa de titulacións)” (Oportunidade); “Solicitude de novas titulacións” (Explotación das Oportunidades). “Solicitar á Xunta de Galicia a racionalización das titulacións relacionadas coa Bioloxía mediante a adecuación da oferta docente ás demandas da sociedade.” (Afrontamento das Amezas).


Acción estratéxica: valorar e explorar a capacidade da Facultade de Bioloxía de verificar novos graos que permitan atraer estudantes con talento, por exemplo Bioloxía Ambiental.

Indicadores: reunións realizadas e informes e/ou memorias presentados.

1.3.- Mellorar a atracción do talento (estudantes de novo ingreso)

Causa específica: “Bo posicionamento nacional no Ránking de Granada mantido no tempo.”; “Satisfacción global dos estudantes egresados e boa valoración xeral dos profesores, por encima da rama de coñecemento Ciencias e da USC, mantida no tempo” (Forzas). “Prestixio da Universidade Santiago de Compostela (universidade histórica, etc.).”; “Prestixio dos graos impartidos no Centro respecto doutras universidades da nosa contorna (capacidade de captación de alumnos).”; “Mellor inserción laboral dos Graduados/as en Bioloxía que os das universidades da contorna (e.g. Vigo e A Coruña).”; “Participación no Programa A Ponte do

ELABORADO POR:	REVISADO POR	APROBADO POR:	APROBADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	Xunta de Facultade	Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno
Data: 15/12/2020	Data: 16/12/2020	Data: 22/01/2021	Data: 03/03/2021

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULDADE DE BIOLOXÍA	PRÓRROGA DO PLAN ESTRATÉXICO DA FACULDADE DE BIOLOXÍA	
	2021 - 2022	Páxina 14 de 21

Ensino Medio para a captación de alumnado.” (Oportunidades). “Comunicar os resultados positivos das avaliacións dos egresados e da calidade docente para reforzar a motivación do profesorado e do alumnado.” (Mantemento das Forzas). “Explotar o prestixio da Universidade de Santiago de Compostela (universidade histórica) e resaltar a calidade dos servizos (residencias, bibliotecas, gardería, museo, estacións biolóxicas, etc.)”; “Mellorar a difusión das titulacións resaltando as súas forzas, por exemplo a mellor inserción laboral dos egresados no Grao en Bioloxía a nivel autonómico.”; “Fomentar a participación do profesorado no Programa A Ponte do Ensino Medio e outras actividades de divulgación para a captación de alumnado con alto nivel de motivación.” (Explotación de Oportunidades).


Acción estratéxica: mellorar a difusión do Centro incentivando a participación do profesorado en programas de captación de alumnos como o Programa A Ponte do Ensino Medio..

Indicadores: número de docentes que participan no Programa A Ponte do Ensino Medio. Número de visitas a centros dentro de o Programa A Ponte do Ensino Medio. Evolución da Nota de corte da ABAU, evolución da nota media da ABAU, porcentaxe de alumnos que entran na titulación como primeira opción.

1.4.- Mellorar a información e a xestión das prácticas externas

Causa específica: “Deseño e oferta de prácticas externas.” (Forza). “Escasa proxección das actividades do Centro na sociedade da súa contorna.” (Debilidade). “Novas tecnoloxías aplicadas á investigación, xestión administrativa e á docencia.”; “Mellora da información e da xestión das prácticas en empresas.” (Oportunidades). “Burocratización excesiva de todos os procesos que afectan a vida académica.” (Ameaza). “Mellorar a oferta das Prácticas Externas.”, “Mellorar a información e á xestión das prácticas externas.” (Mantemento das forzas). “Maximizar o aproveitamento das novas tecnoloxías aplicadas á investigación, xestión administrativa e á docencia.” (Explotación das oportunidades). “Fomentar a cultura de coordinación empresa-universidade.” (Afrontamento das ameazas).

ELABORADO POR:	REVISADO POR	APROBADO POR:	APROBADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	Xunta de Facultade	Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno
Data: 15/12/2020	Data: 16/12/2020	Data: 22/01/2021	Data: 03/03/2021

 FACULTADE DE BIOLOXÍA	PRÓRROGA DO PLAN ESTRATÉXICO DA FACULTADE DE BIOLOXÍA	
	2021 - 2022	Páxina 15 de 21

Acción estratéxica: mellora da información relativa as prácticas externas e a súa xestión. Identificación dos datos necesarios que permitan a elaboración dun módulo informático específico para a xestión das prácticas externas.

Indicador: Número de reunións co alumnado para informar. Existencia dun módulo informático para a xestión das prácticas externas.

1.5.- Mellorar o rendemento dos estudantes

Causa específica: “Concienciar ao profesorado da necesidade de reducir o carácter expositivo na impartición da docencia (reducindo o exercicio memorístico e incrementando a capacidade de análise, comprensión e resolución) e do exame final na avaliación (incrementando a porcentaxe da avaliación continua).” (Corrección das debilidades)

Acción estratéxica: manter e/ou incrementar as porcentaxes de avaliación continua das materias.


Indicador: Informes dos protocolos propios do SGC do Centro. Mellora nos resultados da avaliación do alumnado.

Causa específica: “Escasa dotación económica destinada a actividades docentes: tamaño excesivo dos grupos de docencia expositiva e das actividades prácticas.” (Debilidades). “Reiterar a petición de financiamento ao goberno da USC para a: i) realización de actividades prácticas, ii) redución do tamaño dos grupos de docencia. Auspiciar a creación de grupos de centro mentres o permita a capacidade docente das áreas, y iii) contabilización do 100% dos alumnos repetidores á hora da creación dos grupos, nas actividades que deban ser repetidas.” (Corrección das debilidades).

Acción estratéxica: Implementar procedementos para aumentar a taxa de éxito e graduación dos alumnos, mediante a:

- o Redución do tamaño dos grupos de docencia. Auspiciar a creación de grupos de centro mentres o permita a capacidade docente das áreas.
- o Contabilización do 100% dos alumnos/as repetidores á hora da creación dos grupos, nas actividades que deban ser repetidas.

ELABORADO POR:	REVISADO POR	APROBADO POR:	APROBADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Biología	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	Xunta de Facultade	Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno
Data: 15/12/2020	Data: 16/12/2020	Data: 22/01/2021	Data: 03/03/2021

 FACULTADE DE BIOLOXÍA	PRÓRROGA DO PLAN ESTRATÉXICO DA FACULTADE DE BIOLOXÍA	
	2021 - 2022	Páxina 16 de 21

Indicador: Número de alumnos/as nos grupos. Número de alumnos/as repetidores contabilizados.

Causa específica: “Falta de incentivos para alumnos do grao con elevado rendemento académico.”; “Falta dun marco normativo que permita a incorporación do alumnado nos laboratorios de investigación, con excepción das Bolsas de Colaboración.” (Debilidades). “Desenvolver un programa de acción tutorial para alumnos con elevado rendemento académico e/ou extraordinaria motivación.” (Corrección das debilidades).

Acción estratéxica: Implantación dun programa de acción tutorial para alumnos/as con elevado rendemento académico e/ou extraordinaria motivación.

Indicador: Número de alumnos integrados no programa.


1.6.- Mellorar a formación docente dos profesores

Causa específica: “Carencia formativa do profesorado para seguir un sistema de docencia baseada no autoaprendizaxe (e.g. carencias respecto ao deseño de actividades para grandes grupos).” (Debilidades). “Potenciar a participación do PDI en cursos para a mellora da calidade da docencia.” “Redución da presencialidade das clases expositivas. Concienciar ao profesorado da necesidade de reducir o carácter expositivo na impartición de coñecementos teóricos, reducindo o exercicio memorístico e incrementando a capacidade de análise, comprensión e resolución.” (Corrección das debilidades).

Acción estratéxica: Solicitar a realización e incentivar a participación do profesorado en cursos de formación específicos para a docencia en Bioloxía, en especial os centrados en: adquisición e avaliación de competencias (especialmente para grupos grandes), docencia baseada no autoaprendizaxe, aprendizaxe baseada en proxectos e aprendizaxe servizo.

Indicador: Número de cursos solicitados.

ELABORADO POR:	REVISADO POR	APROBADO POR:	APROBADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	Xunta de Facultade	Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno
Data: 15/12/2020	Data: 16/12/2020	Data: 22/01/2021	Data: 03/03/2021

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULDADE DE BIOLOXÍA	PRÓRROGA DO PLAN ESTRATÉXICO DA FACULDADE DE BIOLOXÍA	
	2021 - 2022	Páxina 17 de 21

1.7.- Mellorar a información sobre a inserción laboral dos egresados

Causa específica: “Baixa relación entre o perfil do egresado do grao (competencias, destrezas e habilidades) e as necesidades do mercado laboral.” (Debilidades). “Baixa taxa de inserción laboral dos egresados.” (Ameaza). “Realizar e apoiar campañas informativas sobre opcións de inserción laboral dos egresados.”; “Fomentar a realización de continuación de estudos (Máster e Doutoramento), ao estar claramente relacionado o aumento da formación co aumento da taxa de inserción laboral.” (Afrontamento das ameazas)

Acción estratéxica: Charlas sobre másteres e doctorados. Campañas informativas sobre opcións de inserción laboral dos egresados

Indicador: Número de charlas.

LIÑA EXTRATÉXICA 2.- Calidade da investigación

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 2.1.- Optimizar o uso das infraestruturas de investigación de uso común
- 2.2.- Apoiar os grupos de investigación


2.1.- Optimizar o uso das infraestruturas de investigación de uso común

Causa específica: “Centro moderno con moi boas instalacións.” (Forza). “Mantemento e mellora das instalacións do Centro.” (Mantemento das Forzas).

Acción estratéxica: Elaborar regulamentos para las infraestruturas de investigación de uso común. Optimizar o persoal das instalacións.

Indicador: Número de regulamentos creados. Inversión económica anual en mantemento.

ELABORADO POR:	REVISADO POR	APROBADO POR:	APROBADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	Xunta de Facultade	Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno
Data: 15/12/2020	Data: 16/12/2020	Data: 22/01/2021	Data: 03/03/2021

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE BIOLOXÍA	PRÓRROGA DO PLAN ESTRATÉXICO DA FACULTADE DE BIOLOXÍA	
	2021 - 2022	Páxina 18 de 21

2.2. Apoiar aos grupos de investigación

Causa específica: “Existencia de grupos de investigación altamente competitivos en diferentes áreas (e.g. acuicultura, biotecnoloxía, ambiental, etc.)”; “Bo posicionamento nacional no Ránking de Granada mantido no tempo.” (Fotaleza). “Apoiar aos grupos de investigación altamente competitivos de diferentes áreas. Ofertar espazos, segundo dispoñibilidade, a GI competitivos doutros centros.”; “Potenciar, na medida do posible, a mellora dos indicadores e das posicións nos rankings.” (Mantemento das forzas).

Acción estratéxica: Ofertar espazos dispoñibles do Centro ao persoal que actualmente ocupa instalacións no mesmo.

Indicador: Superficie de nova ocupación.


Causa específica: “Envellecemento do PDI (xubilacións masivas nos próximos anos)” (Debilidades). “Escaso financiamento da universidade por parte das institucións públicas que afecta á baixa taxa de reposición e de promoción do profesorado.” (Ameaza). “Promover a ocupación dos espazos baleiros do Centro por profesores de outros centros pertencentes a áreas interfacultativas.” (Afrontamento de ameazas).

Acción estratéxica: Ofertar espazos baleiros do Centro especialmente a áreas interfacultativas relacionadas coa bioloxía como botánica, fisioloxía vexetal, edafoloxía e química agrícola priorizando aos compoñentes de grupos de investigación altamente competitivos.

Indicador: Superficie de espazos reocupada

Causa específica: “Falta dun marco normativo que permita a incorporación do alumnado nos laboratorios de investigación, con excepción das Bolsas de Colaboración.” (Debilidades). “Solicitude de cambio do marco normativo que permita a incorporación do alumnado nos laboratorios de investigación, de forma independente ás Bolsas de Colaboración.” (Corrección das debilidades).

ELABORADO POR:	REVISADO POR	APROBADO POR:	APROBADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	Xunta de Facultade	Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno
Data: 15/12/2020	Data: 16/12/2020	Data: 22/01/2021	Data: 03/03/2021

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE BIOLOXÍA	PRÓRROGA DO PLAN ESTRATÉXICO DA FACULTADE DE BIOLOXÍA	
	2021 - 2022	Páxina 19 de 21

Acción estratéxica: Solicitude de cambio do marco normativo e legal que permita a incorporación do alumnado nos laboratorios de investigación, de forma independente ás Bolsas de Colaboración.

Indicador: Número de solicitudes.

LIÑA EXTRATÉXICA 3.- Sistema de Garantía Interna de Calidade do Centro

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

3.1.- Fomentar a cultura de calidade no Centro

3.1. Fomentar a cultura de calidade no Centro

Causa específica: “Divulgar o Sistema Garantía Interno da Calidade do Centro. Tomar iniciativas para o aumento da participación nas enquisas.” (Corrección das Debilidades).

Acción estratéxica: Realización de distintas actividades (cursos, charlas, etc.) para mellorar o coñecementos do SGIC (procesos, procedementos e protocolos propios) entre o PDI, PAS e alumnado do Centro.

Indicador: Número de actividades realizadas.

Causa específica: “Escaso coñecemento do Sistema Garantía Interno da Calidade do Centro.” (Debilidades). “Divulgar o Sistema Garantía Interno da Calidade do Centro. Tomar iniciativas para o aumento da participación nas enquisas.” (Corrección das debilidades).

Acción estratéxica: Fomentar a participación nas enquisas de satisfacción dos distintos grupos de interese (alumnado, PDI e PAS).

Indicador: Porcentaxes de participación.

ELABORADO POR:	REVISADO POR	APROBADO POR:	APROBADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Biología	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	Xunta de Facultade	Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno
Data: 15/12/2020	Data: 16/12/2020	Data: 22/01/2021	Data: 03/03/2021

LIÑA EXTRATÉXICA 4.- Relacións coa sociedade

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 4.1.- Mellorar a nosa imaxe e as relacións coa sociedade
- 4.2.- Poñerse ao servizo da sociedade

4.1. Mellorar a nosa imaxe e as relacións coa sociedade

Causa específica: “Escasa proxección das actividades do Centro á sociedade da súa contorna.” (Debilidades).

Acción estratéxica: Difusión das actividades docentes e investigadoras da Facultade de Bioloxía aos profesores e alumnos dos centros de bacharelato.

Indicador: Número de actividades.

Causa específica: “Escasa proxección das actividades do Centro á sociedade da súa contorna.” (Debilidades). “Falta de dinamismo na contorna socioeconómica e escasa cultura de coordinación empresa-universidade.” (Amezas). “Fomentar a cultura de coordinación empresa-universidade mediante a realización de xornadas divulgativas respecto diso.” (Afrontamento de Amezas)

Acción estratéxica: Explorar a metodoloxía Servizo-Aprendizaxe para conectar o mundo académico coas necesidades sociais.

Indicador: Estudar os posibles proxectos a implantar.

4.2. Poñerse ao servizo da sociedade

Causa específica: “Escasa proxección das actividades do Centro á sociedade da súa contorna.” (Debilidades). “Falta de dinamismo na contorna socioeconómica e escasa cultura de coordinación empresa-universidade.” (Amezas). “Fomentar a cultura de coordinación

ELABORADO POR:	REVISADO POR	APROBADO POR:	APROBADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	Xunta de Facultade	Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno
Data: 15/12/2020	Data: 16/12/2020	Data: 22/01/2021	Data: 03/03/2021

empresa-universidade mediante a realización de xornadas divulgativas respecto diso.”
 (Afrontamento de Amezas)

Acción estratéxica: Levar adiante, en coordinación co acción global da USC, iniciativas para recoñecer ás entidades, empresas, persoas e institucións a súa colaboración co centro no desenvolvemento das prácticas do estudantado.

Indicador: Número de recoñecementos realizados.

Causa específica: “Preservación e potenciación dos nosos propios sinais de identidade.”; “Incrementar o uso do galego nas distintas actividades do Centro.” (Potencias os nosos valores).

Acción estratéxica: Impulsar o papel da comisión de normalización lingüística do Centro como órgano asesor e consultor na materia, así como potenciar o uso do galego en todos os ámbitos.

Indicador: Número de reunións da comisión e número de actividades realizadas.

Causa específica: “Compromiso co desenvolvemento sostible.”; “Mellorar a concienciación do persoal do Centro.” (Potencias os nosos valores).

Acción estratéxica: Impulsar unha política de plásticos cero.

Indicador: Charlas e talleres realizados.

ELABORADO POR:	REVISADO POR	APROBADO POR:	APROBADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Biología	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	Xunta de Facultade	Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno
Data: 15/12/2020	Data: 16/12/2020	Data: 22/01/2021	Data: 03/03/2021